

Publicacións

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Cantigas e refráns da Ribeira Sacra

Título: Cantigas e refráns da Ribeira Sacra

Editorial: Concello de Pantón / Adegas San José

Ano de publicación: 1999.

Lugar de publicación: Pantón, Lugo.

ISBN: 84-8064-084-7

Autores: Os Estraloxos

Descrición: 305 páx.

[Do Limiar, por Nicanor Rielo Carballo]

Con este libro que tes nas mans, lector amigo, Os Estraloxos descubren un traballo do que se veñen ocupando hai bastante tempo. Para corroboralo abonda con refollar polo miúdo as páxinas da publicación citada. O mérito que o esforzo representa, cando o campo está a piques de perder tradicións e historia local, non é doado nin recoñecelo nin apreciarlo. Só isto bastaría para xustificar abondo a existencia dunha asociación. Inquedos se definiron ó arrincar; co camiño andado, vieiros non somentes de ilusión, hai que repetirlles que foron eficaces. Un estímulo para seguiren coa man na rabela do arado.

